


# ACTOS PARA A CONMEMORACIÓN DO "90 ANIVERSARIO DA PROCLAMACIÓN DA 2<sup>a</sup> REPÚBLICA"



Na xornada daquel día 14 en que, nunha praza de María Pita ateigada, foi proclamada a República desde o balcón do Concello; naqueles momentos A Coruña foi, outra vez, un facho do avance da liberdade, como o fora en 1589, en 1812, en 1820, tantas veces. O sucedido desde esas xornadas que contemplamos agora conxeladas nas imaxes xa é historia; coñecemos a frustración das arelas de liberdade, a guerra, a represión e a longa noite de pedra do franquismo. A nosa historia como cidade aprendeunos tamén a fraxilidade das conquistas, a necesidade de coidalas.

Por iso o Concello da Coruña ven celebrando desde hai décadas a II República, organizando exposicións, editando libros, apoioando actos cívicos ou recuperando para o patrimonio municipal o espoliado á familia Casares, entre as moreas de accións desenvolvidas por sucesivos gobernos municipais. Hoxe, 90 anos despois da proclamación da II República, volvemos a nosa ollada a esos rostros de esperanza, esas caras de trunfo alegre, de desexos de cambio, sabendo que son tantas as razóns para recuperar a memoria e poñela en valor como os motivos para seguir adiante nunha cidade que progrésa en valores de liberdade, igualdade e xustiza, hoxe constitucionalmente consagrados e socialmente compartidos, pero sempre necesitados de recordo, reforzo e protección. Niso consistiu sempre facer memoria democrática: recuperar, restaurar, valorar e así contribuír a garantir o futuro da liberdade. Gocemos da memoria, gañemos o futuro.

- 14 DE ABRIL MÉRCORES - DÍA DA REPÚBLICA  
CASA MUSEO CASARES QUIROGA**

**11.30**

Inauguración da exposición filatélica e presentación dun selo conmemorativo

**19.30**

Acto de conmemoración do "90 Aniversario da Proclamación da 2<sup>a</sup> República".  
Presentación do álbum de postais e pin conmemorativo.

- 17 DE ABRIL SÁBADO  
CENTRO ÁGORA**

**19:30-21:00**

Recital poético-musical "A República da Memoria" a cargo de Juan Carlos Mestre e Cuco Pérez,  
e charla do xornalista, escritor e presidente da ARMH (Asociación para a Recuperación da  
Memoria Histórica) Emilio Silva.

- 29 DE ABRIL XOVES  
CASA MUSEO CASARES QUIROGA**

**11:30**

Presentación do libro "Vermellos e Laicos. A represión fascista do maxisterio coruñés" de Narciso  
de Gabriel, editorial Galaxia.

- 13 DE MAIO XOVES  
CASA MUSEO CASARES QUIROGA**

**19:30**

Presentación do libro "A Voz de Santiago Casares Quiroga. Documentos para a súa autobiografía  
(1884-1931)" de Xosé Alfeirán e Ana Romero do "Instituto de Estudios Coruñeses José Cornide".



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña